

(Cito), Emma Couceiro

Javier Gómez-Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GÓMEZ-MONTERO, JAVIER (2011 [2003]). “*(Cito)*, Emma Couceiro”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 161-162. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/903>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GÓMEZ-MONTERO, JAVIER (2003). “*(Cito)*, Emma Couceiro”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 161-162.

* Edición dispoñíbel desde o 13 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

(*Cito*)

Emma Couceiro

Vigo: Xerais, 2003

JAVIER GÓMEZ-MONTERO

Que é un poema? Esa inquietante cuestión fórmulaa o novo libro de Emma Couceiro, fuxindo das fórmulas máis estandarizadas de composición poemática e recorrendo a un xogo de fragmentación, disolución e destrución que, así e todo, hoxe en día podería parecer tamén convencional, pero que, dada a lóxica interna deste texto, resulta ao final imprescindible. A resposta á pregunta *¿Que é un poema?* resulta neste caso tan simple coma hermética: un poema é, na poética de Emma Couceiro, conciencia escrita, o eu que se escribe e se inscribe no texto e, á vez, a conciencia de texto ou a sinatura de si mesmo que porta o texto-poema en si.

O resultado para o lector pode ser desconcertante, angustioso e abafante, xa que o poema en (*Cito*) se mostra e se oculta, reflicte de xeito obsceño o proceso da súa escrita, renuncia a construír unha fábula referencial e négase a comunicar unha trama mimética. O argumento poético é a densidade da escrita: “Esta historia é miña” (p. 25), e pouco máis que o baleiro que se abre atrás dela. *Tara* resulta ser o emblema dese abandono e alí “regresa o texto sen pulso e escribo detalladamente nada”, di outro texto da autora; alí tamén celebra a conciencia unha desposesión que abarca tanto o texto coma o territorio:

*De Tara, as miñas leiras anegadas, estas leiras, terra
que memoriza cruel todos cantos pisan, un empraza-
mento digno para descansar os teus ósos e voz que se las-
tima se non elixe outra.*

*E tal vez máis alá da verdade, precipitada na esca-
leira porque es ti quen marchas,
quen abandona o texto e quen non fala,
ardida a súa memoria*

e unicamente verso. (p. 23)

Semellantes enganches discursivos para a poética do texto fan do poema unha construción ata certo punto previsible, pero é o desenvolvemento lineal do poema quen lle devolve á lectura a súa enteira dignidade para convertela nun fenómeno irrepetible, nunha apoteose do coñecemento, non só grazas ao acto de descifrar a linguaxe que propón senón tamén grazas ao descubrimento de que escritura e lectura se decantan como axentes de construción de conciencia (aínda que esta sexa negativa). Neste sentido, o texto cumpre o seu obxectivo de se converter en poesía á marxe da súa escuridade ou intelectualismo, ou mesmo grazas a iso.

Aínda que textos deste tipo en que a discursividade se impón á emoción cubran —digámolo sen rubor— só as expectativas do lector intelectual, ao

dificultar a reconstrución dos argumentos, a súa eficacia poética radica nas novas regras de xogo que o texto lle impón ao lector, que é agraciado con certas pistas de lectura. Sexan estas acordés básicos de certos paradigmas da experiencia, como por exemplo a loucura, a cegueira e a morte, ou sexan motivos recorrentes de emblemas de identidade persoal, como a memoria, o territorio e o corpo, todo lector quedará recompensado co achado dun horizonte emotivo plenamente humano. Eses eixes estruturantes crean un universo moi elemental de autopercpción que recolle a escritura poética para entregarllos á conciencia do lector. Así, o sentido do texto ocúltase e maniféstase a un tempo, e nesa contradición fundaméntase a excelencia dun discurso poético que afinca as súas raíces máis recentes na modernidade tardía a partir dos referentes poetolóxicos elaborados por Maurice Blanchot en *Le livre à venir*, sen prexuízo doutros paradigmas.

¿Que pistas de lectura, ademais, ofrece o texto? Unha das máis evidentes é a posibilidade de reconstruír a composición do libro a partir dunha estratexia que referencia a estrutura metapoética da composición: unha historia suxerida a partir dun prólogo e dun epílogo ao fio de doce variacións mais unha última, xunto con notas ao pé do texto e notas a orixinais extraviados (un exercicio non exento de autoparodia na “[NOTA A UN ORIXINAL EXTRAVIADO (...)] - 1ª versión” que ironiza sobre os tópicos da maldita páxina en branco e do manuscrito perdido ou achado).

Outra pista sería rastrexar estruturas elementais de comunicación a partir dos índices persoais mínimos (eu, ti, nosoutras) e que fan sempre formular a cues-

tión: *¿Quen fala a quen? ¿Desde que perspectiva?* Unha posibilidade máis de lectura ateríase a unha auscultación arqueolóxica do texto ata descubrir a súa estratificación en capas, os pregamentos e repregamentos da escritura, as citas que as dinamizan e as contextualizan. Unha última opción —exclusivamente metarreferencial— consiste en seguir a articulación real e metafórica (como fio, cadea ou rede) da voz, a reflexión sobre a fuxida da linguaxe e a conciencia de frustración que define ao texto.

¿Que é, xa que logo, este poema (Cito)? “Un corpo sen nome engadido”, “unha memoria errada” (p. 18), “o meu lugar que se anega” (p. 21), “onde acaba o teu reino” (p. 27). Ademais, o poema salva a conciencia da súa mutilación última: “non é posible que me desampare un escrito, eu abandonei este mundo como unha fuxida máis que escapa do incendio” (p. 36).

O poema reivindica, pois, unha perturbación radical da conciencia e da linguaxe que, non obstante, deixa na escritura un pouso de autopertenza:

*Que no sei cál é a realidade que non vexo,
é real a perda
e así mesmo a certeza
de que en nós
vive algo que non conseguiu escapar a tempo⁷.*

(7) *Pero tal vez a ti te mantéña vivo
e quedes aquí todo o tempo que sexa necesario
/(diante dos meus ollos),
mentres me encerro a escribir este milagre* (p. 51) ■